



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 9 DE ABRIL DO 2018

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dn. Manuel Bello Bouza. Dna Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Lage Fernández. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta minutos do día nove de abril do dous mil dezaioito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- ACORDOS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA PETICIÓN AO ABEIRO DO RD 616/2017 "PROXECTOS SINGULARES"

Aberto o turno de intervencións e despois dunha discusión entre o Sr Alcalde e o voceiro do BNG o Sr. Mesías Farías, sendo as 11:46h do día o comezo sinalado os membros do grupo municipal do BNG abandonan a sesión.

Sometida a votación o asunto o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL, 1 SON DE ARES) e 6 abstencións (3BN art. 100 RD 2568/1586 e 3PP), acorda;

1.- Participar e aceptar expresamente o procedemento Regulado por este Decreto (616/2017 de 16 de xuño), que comprenden as seguintes memorias;

A) Renovación das instalación de alumeadado, iluminación e sinalización exterior das zonas da Rega e Rúa Mar do Norte do Concello de Ares.

1.- Aprobar a memoria e detallar como actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable "Renovación das instalación de alumeadado, iluminación e sinalización exterior nas zonas da Rega e Rúa Mar do Norte, Concello de Ares", elaborado por TECXIA por importe de 111.752,14€ IVE incluído de acordo co establecido no disposto nos artigos 6.1 "Obxectivo Específico: OE 431 - Eficiencia enerxética na edificación e nas infraestruturas e servizos Públicos" e no "Anexo I- Descrición das medidas elixibles" e máis concretamente co establecido na "Medida 6. Renovación das instalación de alumeadado, iluminación e sinalización exterior" de antedito Anexo I.

2.- Segundo consta na partida orzamentaria 165.610,00 €, da dotación orzamentaria para levar a cabo dito proxecto ascende a 18.532,10E.



3.- Memoria descritiva das actuacións a acometer, tal como consta no artigo 12.4.a.3º) que se adxunta para a actuación antes citada.

B) Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior na zona da Rúa Mazote.

1.- Aprobar a memoria e detallar como actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable "Renovación das instalación de alumeado, iluminación e sinalización exterior nas zona Rúa Mazote, Concello de Ares", elaborado por TECXIA por importe de 117.363,66€ IVE incluído de acordo co establecido no disposto nos artigos 6.1 "Obxectivo Específico: OE 431 - Eficiencia enerxética na edificación e nas infraestruturas e servizos Públicos" e no "Anexo I - Descrición das medidas elixibles" e máis concretamente co establecido na "Medida 6. Renovación das instalación de alumeado, iluminación e sinalización exterior" de antedito Anexo I.

2.- Segundo consta na partida orzamentaria 165.610,00 €, da dotación orzamentaria para levar a cabo dito proxecto ascende a 19.462,70€.

3.- Memoria descritiva das actuacións a acometer, tal como consta no artigo 12.4.a.3º) que se adxunta para a actuación antes citada.

C) Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior na zona de Lubre.

1.- Aprobar a memoria e detallar como actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable "Renovación das instalación de alumeado, iluminación e sinalización exterior nas zona de Lubre, Concello de Ares", elaborado por TECXIA por importe de 114.605,01€ IVE incluído de acordo co establecido no disposto nos artigos 6.1 "Obxectivo Específico: OE 431 - Eficiencia enerxética na edificación e nas infraestruturas e servizos Públicos" e no "Anexo I - Descrición das medidas elixibles" e máis concretamente co establecido na "Medida 6. Renovación das instalación de alumeado, iluminación e sinalización exterior" de antedito Anexo I.

2.- Segundo consta na partida orzamentaria 165.610,00€, da dotación orzamentaria para levar a cabo dito proxecto ascende a 19.005,20€.

3.- Memoria descritiva das actuacións a acometer, tal como consta no artigo 12.4.a.3º) que se adxunta para a actuación antes citada.

2.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente, para que proceda a sinatura da presente solicitude de participación e de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e nove minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

